



INSTRUCCIÓN DA FORMACIÓN DO CATÁLOGO DE ESPECIALIDADES DO SEPE 2025/26

Co fin de articular o procedemento para que as entidades beneficiarias dos programas integrados de emprego (TR332A) poidan impartir formación do Catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal, establécese o seguinte:

COMUNICACIÓN DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

1- O Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego, remitiralles de forma individualizada o ANEXO INICIAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO. Deberán cubrir as dúas pestanas do anexo no caso de que haxa algunha modificación con relación á formación prevista na memoria presentada coa solicitude de subvención. Na primeira pestana deberán consignar toda a formación de Catálogo do SEPE que se impartirá no Programa. Na segunda pestana constan os datos presentados e valorados na solicitude de subvención. Se houbera algunha variación deses datos deberán cubrir o cadro de modificación. Unha vez cuberto este Anexo deberán enviálo a este servizo mediante correo electrónico. No caso de impartir formación en distintas provincias remitirán un anexo por cada provincia que corresponda.

O nome que se lle consignará ao documento será o seguinte:

N.º Expediente_Nome entidade_INICIO FORMACIÓN CATÁLOGO_PROVINCIA.ods

Exemplo: 54_Asoc_Empresarios_Fene_INICIO_FORMACIÓN_CATÁLOGO_CORUÑA.ods

2- O **Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego** validará o davandito anexo e dará traslado do mesmo ao **Departamento Territorial** que corresponda coa formación prevista por cada entidade.

No caso de que posteriormente a entidade precise modificar a formación inicial comunicada por non axustarse ao perfil das persoas desempregadas participantes, non será preciso que a entidade comunique ese cambio ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego. Esta modificación remitirase directamente ao Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do Departamento Territorial correspondente.

3- Ao remate do programa, a entidade remitirá ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego, por correo electrónico, un **ANEXO FINAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO**, coa formación efectivamente realizada e que terá que ter o mesmo ou superior número de horas, ás comunicadas no anexo inicial de formación do Catálogo, mantendo a porcentaxe e número de horas especificadas nese Anexo Inicial, relativas aos sectores estratéxicos e ás especialidades con nivel alto e/ou medio de inserción, sempre co límite do 40% en modalidade de teleformación sobre o total de horas impartidas, podendo realizar durante a duración do programa os cambios que resulten necesarios en relación aos distintos cursos comunicados para poder axustarse mellor ás necesidades formativas das persoas participantes no programa. Lémbrese que esas modificacións non se enviarán a este Servizo, senón que serán comunicadas directamente ao Servizo correspondente do Departamento Territorial.

O nome que se lle consignará ao documento será o seguinte:

N.º expediente_Nome entidade_FINAL_CATÁLOGO_PROVINCIA.ods

Exemplo: 54-Asoc_Empresarios_Fene_FINAL_CATÁLOGO_CORUÑA.ods

4.- Ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego só se remitirán dous **ANEXOS (Inicial e Final)**: un ao comezo do programa e outro ao remate.





REQUISITOS

En todo caso, o Centro/Entidade que vai a impartir a formación, con carácter previo á solicitude da impartición da acción formativa, ten que estar inscrito no **Rexistro de Centros e Entidades de formación para o emprego** no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

1 - Se non estivese inscrito deberá de realizar o seguinte trámite, cunha antelación como **mínimo de 10 días hábiles** anteriores á data prevista de inicio da actividade formativa:

- **Solicitude** dirixida ao **Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego** do Departamento Territorial correspondente a través do procedemento PR004, xunto co modelo de declaración responsable habilitado a tal efecto dispoñible na páxina da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (*Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego, no epígrafe de Formación para o emprego na Área de Formación*), a declaración responsable de cumprimento de requisitos exixidos na especialidade formativa do persoal docente (dispoñible na páxina web de programas integrados) e o documento xustificativo do pagamento das taxas correspondentes.
<https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/formacion-emprego/rexistro-centros>
- Unha vez recepcionada esta solicitude a entidade queda **inscrita de oficio** nas especialidades solicitadas e na data de presentación das mesmas, sen perxuízo da inspección posterior do persoal técnico instrutor.

2 – No caso de estar xa inscrita, a medida que cada entidade concreta o inicio de dita formación, enviará un correo electrónico ao Departamento Territorial que corresponda, coa información detallada sobre a/as actividade/s formativa/s. Empregará para actualizar esta información o **ANEXO INICIAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO**. O prazo para esta comunicación será de como mínimo **7 días hábiles** anteriores á data prevista de inicio de dita actividade formativa.

Unha vez realizada esta comunicación, deberá cumprir co que se estableza desde o Departamento Territorial correspondente, incluíndo o seguinte:

- Proporcionar claves de acceso á correspondente plataforma informática e/ou aula virtual, se é o caso, para os efectos de seguemento e control do desenvolvemento do curso.
- Mensualmente, remisión ao **Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego** do Departamento Territorial correspondente, a través da sede electrónica (procedemento PR004), dos partes diarios de asistencia asinados polo alumnado e persoal docente, ou de impartirse a formación mediante aula virtual, os partes diarios de conexións.
- Unha vez rematado o curso, comunicación da **relación de alumnos e alumnas** que finalizaron o curso con avaliación positiva.

Ao remate do programa, as entidades deberán remitir ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego un **ANEXO FINAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO** segundo o previsto no punto 3 da epígrafe **COMUNICACIÓN DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS**.

MÓDULO TRANSVERSAL DE IGUALDADE

Duración

Nas accións formativas do Catálogo de Especialidades do SEPE que se impartan dentro dos Programas Integrados, débese incluír obrigatoriamente un módulo formativo sobre "*Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica*" coa seguinte duración:





- Cursos de duración menor ou igual a 50 horas: **5 horas**
- Cursos de duración superior a 50 horas: **10 horas**

O alumnado que acredite ter recibido previamente a formación en materia de igualdade de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica, nos termos e polas horas referidas anteriormente, quedarán **exentos** da realización dos módulos transversais correspondentes, en función e proporción das horas acreditadas.

Características

Este módulo deberá programalo e impartilo a propia entidade nos seus cursos dentro do apartado b.2) do artigo 1.2. da orde de convocatoria, *Outra formación non vinculada a certificados de profesionalidade*, que non é de Especialidades Formativas do Catálogo SEPE nin de Certificados de Profesionalidade. E será a propia entidade impartidora quen valide aos docentes do módulo de igualdade e exencione/exima tamén ao alumnado que xa teña formación previa nesta materia.

Polo tanto, este módulo de igualdade non será obxecto de seguimento e control polos Servizos de Formación e Cualificación para o Emprego dos Departamentos Territoriais e, por isto, as entidades non terán que relacionalo nos **ANEXOS** de formación do Catálogo nin tampouco achegar declaracións responsables dos docentes que o impartan nin documentación 33 ao alumnado desta formación.

NOTA IMPORTANTE 1:

Tal e como está previsto na orde de convocatoria, no caso de que a formación proposta no **ANEXO INICIAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO** non se axuste ao perfil das persoas desempregadas poderá substituírse por outra similar (igual ou superior número de horas, porcentaxe de formación relacionada cos sectores estratéxicos e número de horas de formación en especialidades con nivel alto e/ou medio de inserción, mantendo tamén a porcentaxe de horas de teleformación co límite do 40% sobre o total), sen que precise autorización do Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego.

Se no programa da especialidade formativa que se vai a impartir se esixen requisitos de acceso ás persoas alumnas, será responsabilidade da entidade que as persoas seleccionadas para participar na mesma os cumpran. En ningún caso a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración adquirirá responsabilidade nin obriga ningunha respecto daquelas persoas que puideran participar na formación impartida pero non reuniran antes de comezala os requisitos de acceso esixidos no programa formativo.

As entidades deberán de someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O importe das taxas correspondentes a esta formación **non é subvencionable**.

O número de horas comunicadas no **ANEXO INICIAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO** do SEPE debe acadarse ao rematar o programa, independentemente dos cambios realizados nas accións formativas previstas.

NOTA IMPORTANTE 2:

A efectos da liquidación final, aplicarase o establecido no artigo 19.3.b da orde do 16 de xullo de xeito que se deduce o 20% ou a proporción do incumprimento da impartición da formación do Catálogo de especialidades formativas do SEPE comprometida na memoria cando se imparta un número de horas por debaixo das horas polas que se valorou a memoria do proxecto, segundo os criterios do artigo 12.1A.e), k) e l) desta orde de convocatoria. É dicir, no caso de recibir 4 puntos na valoración do proxecto por comprometerse a impartir máis de 325 horas de formación do Catálogo de especialidades formativas do SEPE deducirase ao importe xustificado, aceptado ou subvencionable, a porcentaxe correspondente ao incumprimento.





A modo de exemplo, se o importe xustificado aceptado ascende a 150.000 euros e finalmente son impartidas 65 horas, que supoñen un incumprimento de 260 horas comprometidas, realizarase o seguinte cálculo:

- $(260 \times 20) / 325 = 16$
- Isto supón unha desviación do 16% do compromiso valorable
- $150.000 \times 0,16 = 24.000$ euros
- Deduciríanse 24.000 euros sobre o importe xustificado aceptado, polo que o importe máximo subvencionable reduciríase a 126.000 euros.

Así mesmo, cando o compromiso disposto na memoria do proxecto supere en máis de 100 horas ao número de horas máximo valorable deducirase un 1% por cada 100 horas ou fracción de incumprimento, ata un máximo do 20%. É dicir, se o compromiso é de 700 horas e finalmente se imparten 425 horas deducirase un 3% sobre o importe xustificado aceptado, xa que supón unha desviación de 275 horas. Seguindo co exemplo anterior, supoñería unha dedución de 4.500 euros como resultado de calcular o 3% dos 150.000 euros xustificadas aceptados, sendo así o importe máximo subvencionable de 145.500 euros.

A mesma dinámica empregárase no caso de incumprimento da porcentaxe formación relacionada cos sectores industriais estratéxicos e sas horas de formación en especialidades con nivel alto ou medio de inserción comprometidas na memoria.

RESUMO PROCEDEMENTO

1- Envío inicial **ANEXO INICIAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO** ao Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego > O Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego remite este ao Departamento Territorial correspondente.

2- Comunicación **inicio accións formativas** > Departamentos Territoriais

- 2.1. Entidade responsable formación non inscrita > procedemento inscrición (10 días hábiles)
- 2.2. Entidade responsable formación inscrita > comunicación Departamento Territorial Anexo actualizado (7 días hábiles)

3 – **Seguimento das accións formativas** > Departamento Territorial

4 – Envío **ANEXO FINAL DE FORMACIÓN DE CATÁLOGO** e relación do alumnado que finaliza a formación con avaliación positiva > Servizo de Promoción de Competencias para o Emprego

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

Zeltia Lado Lago

